

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E OS COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DE PONTEVEDRA PARA A UTILIZACIÓN DE RECEITAS OFICIAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, EN FORMATO PAPEL, POLOS/AS PROFESIONAIS MÉDICOS/AS XUBILADOS/AS, QUE TIVERAN PRESTADO SERVIZOS NA SANIDADE PÚBLICA ASISTENCIAL GALEGA

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, Don Julio García Comesaña, en representación da Consellería de Sanidade, e como Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, co Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, co Decreto 137/2019, de 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, Don Isidro J. Lago Barreiro, Presidente do Ilustre Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia sinala que corresponde á Consellería de Sanidade as competencias en materia de saúde, atribuídas á Comunidade Autónoma polo Estatuto de Autonomía de Galicia, na que se inclúe a promoción da saúde, a calidade dos servizos e a mellora continua da organización sanitaria, así como a eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do Sistema Sanitario Público.

O Decreto 136/2019, de 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, dispón no artigo 3.1, que a persoa titular da Consellería de Sanidade é responsable da superior dirección e control do departamento e da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria farmacéutica.

Pola súa banda, segundo o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, correspóndelle á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria a ordenación, planificación e innovación estratéxica dos recursos asistenciais e mailo desenvolvemento e coordinación da política autonómica en relación coa prestación farmacéutica. Dentro dela, a Subdirec-



ción Xeral de Farmacia ten encomendadas as funcións de execución da lexislación sobre produtos farmacéuticos e desenvolvemento de programas orientados á racionalización e calidade do emprego dos recursos farmacoterapéuticos nos centros asistenciais e nos centros residenciais de atención socio-sanitaria con criterios de efectividade, seguridade, equidade e custo; así como o desenvolvemento e seguimento da prestación farmacéutica, análise do consumo de recursos farmacoterapéuticos e desenvolvemento de estratexias de control do gasto farmacéutico, en coordinación con outros órganos do Servizo Galego de Saúde.

2. Sentado o ámbito competencial, cómpre referirse desde un punto de vista operacional á Instrución 9/2014 do 13/11/2014 sobre o procedemento para a autorización do uso do talonario de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde en formato papel, para a prescrición daqueles produtos farmacéuticos incluídos na prestación do Sistema Nacional de Saúde, no que se prevía autorizar ao persoal facultativo médico en servizo activo para o uso dos talonarios con carácter persoal ou familiar, pero tamén a "médicos xubilados que prestaron con anterioridade os seus servizos como facultativos na sanidade pública asistencial galega, axustándose ás condicións recollidas nos convenios establecidos entre a consellería de sanidade e os respectivos Colexios Oficiais de Médicos de Galicia"

3. A este respecto, no ano 1998 a Consellería de Sanidade, tendo en conta os criterios de eficiencia, efectividade e eficacia na xestión do Sistema Sanitario Público, considerou oportuno establecer convenios de colaboración con cada un dos catro Colexios Oficiais de Médicos de Galicia para que os/as facultativos/as xubilados/as, que tivesen prestado servizos para o Sistema Público Asistencial Galego, dispuxeran de talonarios de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde para poder realizar a prescrición de produtos farmacéuticos para si mesmo, para o seu cónxuxe ou parella de feito e para as persoas beneficiarias recoñecidas polo Instituto Nacional de Seguridade Social (INSS).

4. Os convenios fóronse renovando anualmente, ao non ser denunciados por ningunha das partes asinantes. Non obstante, na actualidade, estes convenios perderon a súa vixencia por aplicación da disposición adicional oitava da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que no seu punto 1 indica que todos os convenios vixentes subscritos por calquera administración pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán adaptarse a esta Lei no prazo de tres anos, que será de catro no caso dos convenios que tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta lei.

Por tal motivo, resulta necesario establecer un novo convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e os Colexios Oficiais de Médicos de Galicia onde queden definidas as competencias e responsabilidades no uso de talonarios de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde, das partes implicadas que asinan o convenio, así como dos/as facultativos/as xubilados/as que dispoñan dos citados talonarios.

Polo anteriormente exposto acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes:



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer os requisitos e regular o procedemento para o acceso aos talonarios de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde por parte dos/das profesionais médicos/as xubilados/as que prestaron con anterioridade os seus servizos como facultativos/as na sanidade pública asistencial galega, co fin de facilitar o acceso á prestación farmacéutica, exclusivamente, para uso propio, do seu cónxuxe ou parella de feito e dos seus beneficiarios legalmente recoñecidos, polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).

Quedan excluídos deste convenio os talonarios específicos para a prescrición de medicamentos estupefacientes.

Segunda. Destinatarios

Facilitaranse talonarios de receitas oficiais, exclusivamente para uso propio, do seu cónxuxe ou parella de feito e demais beneficiarios legalmente recoñecidos polo INSS, aos/ás profesionais médicos/as xubilados/as que prestaron con anterioridade os seus servizos como facultativos/as na sanidade pública asistencial galega.

Terceira. Requisitos para a autorización de uso de talonarios

Os/as profesionais da medicina xubilados/as que estean interesados/as no acceso ós talonarios de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter a condición de pensionista do Réxime Xeral da Seguridade Social.
- Acreditar unha experiencia profesional como médico/a no Sistema Nacional de Saúde, con vinculación fixa ou temporal, durante un período igual ou superior a 15 anos.
- Reunir as condicións físico-psíquicas necesarias para realizar a actividade de prescrición farmacéutica.
- Non será recoñecido o dereito ao uso de talonarios aos médicos facultativos asistenciais cando os Servizos Públicos de Saúde nos que tiveran accedido á xubilación non contemplan o acceso ao uso dos talonarios de tal Servizo. Así mesmo, tampouco poderá ser computado o tempo das súas funcións en ditos servizos, aos efectos de xustificar o prazo de 15 anos de exercicio profesional.



Cuarta. Documentación acreditativa de requisitos

O cumprimento dos requisitos establecidos no apartado anterior acreditarase coa presentación da seguinte documentación:

- A condición de pensionista acreditarase mediante certificado ou resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social no que se faga constar que o/a facultativo/a ten a condición de pensionista, por xubilación ordinaria.
- Para os/as profesionais que tiveran exercido fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, certificación de servizos prestados, emitida polo órgano competente do servizo autonómico de saúde no que tiveran desenvolvido a súa actividade, que deberá detallar a categoría profesional e os períodos de vinculación.

Os/as médicos/as que tiveran prestado os seus servizos no exercicio da medicina, durante un período mínimo de quince anos na Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentos da acreditación deste requisito.

- A posesión das condicións físico-psíquicas necesarias para realizar a actividade de prescrición farmacéutica acreditarase mediante declaración responsable asinada polo/a facultativo/a xubilado/a.

Xunto coa documentación referida deberá achegarse unha fotocopia do documento nacional de identidade da persoa interesada.

Quinta. Procedemento de solicitude de talonarios


Os/as profesionais médicos/as interesados/as no uso de talonarios de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde deberán cubrir unha solicitude de autorización, debendo empregar ao efecto o modelo de formulario que se recolle no Anexo II da Instrución 009/2014, do 10/11/2014 do Servizo Galego de Saúde, pola que se regula o procedemento para a autorización do uso do talonario de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde en formato papel, para a prescrición daqueles produtos farmacéuticos incluídos na prestación do Sistema Nacional de Saúde, e que se incorpora como Anexo ao presente convenio.

Para o suposto de que a persoa solicitante estea interesada na prescrición farmacéutica non só para uso propio senón tamén do/da seu/súa cónxuxe ou parella de feito e/ou demais beneficiarios legalmente recoñecidos polo INSS, no formulario de solicitude deberá facilitar a identidade destes.

No formulario de solicitude o/a interesado deberá tamén indicar o medio preferente a empregar pola Administración para a notificación da resolución que se emita sobre a autorización solicitada (correo postal ou sistema de notificacións electrónicas da Xunta de Galicia - notifica.gal).

Xunto coa solicitude deberá incorporarse a documentación acreditativa dos requisitos que se detalla no apartado cuarto.

As solicitudes tramitaranse a través dos Colexios Oficiais de Médicos correspondentes á localidade de residencia da persoa interesada.



O Colexio Oficial de Médicos, no prazo máximo de 10 días, desde a súa presentación polo/a interesado/a na sede colexial, deberá remitir a solicitude xunto coa documentación preceptiva ao enderezo electrónico calidade.seguridadedicamentos@sergas.es da Subdirección Xeral de Farmacia dependente da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, ou de acordo co previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sexta. Xestión do expediente

Recibida a documentación na Subdirección Xeral de Farmacia e revisada esta, procederase polo/a titular da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, no prazo máximo dun mes, a emitir a resolución que proceda, de autorización ou denegación da solicitude presentada. A resolución de autorización deberá conter a identidade do/da facultativo/a prescriptor/a e dos seus beneficiarios. Transcorrido dito prazo sen que se teña emitido e notificado a correspondente resolución, entenderase denegada.

O prazo dun mes para resolver interromperase, se fose necesario requirir documentación adicional segundo os termos establecidos no artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A resolución de autorización ou denegación da solicitude de acceso a talonario de receitas oficiais notificarase directamente pola Administración ao/á facultativo/a interesado/a a través do medio seleccionado por este/a na súa solicitude así como enviarase copia da resolución emitida ao Colexio Oficial de Médicos tramitador do procedemento e á Xerencia de Área Sanitaria que corresponda por razón da provincia de residencia do/da profesional, segundo os datos manifestados por este na súa solicitude.

A Subdirección Xeral de Farmacia procederá a realizar as xestións necesarias para dar de alta ao/á médico/a como profesional habilitado para o uso de talonario de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde así como rexistrará a relación de beneficiarios/as.

Sétima. Entrega de talonarios

A Administración, a través das Xerencias das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, facilitará aos Colexios Oficiais de Médicos os talonarios de receitas para a súa distribución aos/ás facultativos/s. A tal efecto establécense os seguintes puntos de entrega para que cada colexio dispoña dunha estocaxe suficiente para atender as necesidades, por un período máximo de 3 meses, dos/as facultativos/as xubilados/as:

- **Colexio Oficial de Médicos de A Coruña:** Os talonarios serán facilitados pola Xerencia da área sanitaria de A Coruña e Cee. O Colexio Oficial de Médicos de A Coruña subministrará talonarios ós/ás facultativos/as da propia área e das áreas de Ferrol e Santiago de Compostela e A Barbanza.
- **Colexio Oficial de Médicos de Lugo:** Os talonarios serán facilitados pola Xerencia da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos. O Colexio Oficial de Médicos de Lugo



subministrará talonarios ós/ás facultativos/as da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

- **Colexio Oficial de Médicos de Ourense:** Os talonarios serán facilitados pola Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. O Colexio Oficial de Médicos de Ourense subministrará talonarios ós/ás facultativos/as da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- **Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra:** Os talonarios serán facilitados pola Xerencia da área sanitaria de Vigo. O Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra subministrará talonarios ós/as facultativos/as da área sanitaria de Vigo e da área de Pontevedra e O Salnés.

Con carácter xeral entregárase un máximo dun talonario por ano, e sempre que o talonario entregado previamente, estea esgotado.

A solicitude de máis dun talonario/ano será excepcional e deberá estar debidamente motivada polo/a facultativo/a prescriptor/a, a través dunha declaración responsable asinada.

Oitava. Obrigas dos Colexios Oficiais de Médicos

Os Colexios Oficiais de Médicos en cumprimento do estipulado neste convenio asumen os seguintes compromisos:

- 1.- A correcta custodia dos talonarios que teñan en stock.
- 2.- A entrega dos talonarios de receitas oficiais aos/ás facultativos/as que dispoñen da preceptiva autorización para o seu uso. Esta entrega efectuarase directamente a estes ou a través da persoa en que deleguen, nos termos do apartado sexto da Instrución 009/2014 anteriormente referida.
- 3.- A custodia dos recibís de talonarios debidamente asinados, unha vez efectuada a súa entrega.
- 4.- A comunicación á correspondente área sanitaria da seguinte información de cada talonario entregado: Número, recibí, data de entrega, nome e apelidos, CNP e, no seu caso, código de colexiado do/a facultativo/a a quen se lle entregou a talonario.
- 5.- A notificación, de modo inmediato, á Xerencia da área sanitaria subministradora dos talonarios de receitas, no suposto de extravío ou roubo dos talonarios de que dispoñan na sede colexial así como das incidencias de perda ou extravío comunicadas polos/as facultativos/as prescriptores/as do seu ámbito.
- 6.- O traslado a todos/as os/as facultativos/as xubilados/as das notas informativas remitidas desde o Servizo de Calidade e Seguridade de Medicamentos e Produtos Sanitarios relativas a reaccións adversas con medicamentos, ou calquera outra información que poida ser de interese no uso racional de antibióticos ou outros produtos farmacéuticos.
- 7.- Difusión das normas de aplicación xeral en relación coa utilización das receitas médicas oficiais.

Ademais, os Colexios Oficiais de Médicos colaborarán coa Subdirección Xeral de Farmacia informando das incidencias que se poidan producir en relación cos/coas facultativos/as acollidos/as a este convenio. En particular, velarán polo seguimento daquelas circunstancias que poidan afectar á



idoneidade da prescrición ou á utilización adecuada dos talonarios, propoñendo e facilitando a adopción das actuacións que puideran ser necesarias.

Novena. Obrigas dos/as facultativos/as xubilados/as no uso do talonario

O/A facultativo/a comprométese a un uso correcto do talonario e a comunicar de forma urxente ao Colexio Oficial de Médicos correspondente á súa localidade de residencia a perda ou extravío do mesmo facilitando, de resultar posible, a información do número de receitas sen utilizar.

O uso de talonario estará destinado a prescricións puntuais por necesidades sobrevidas, de tal forma que, por cuestións de seguridade e necesidade de que o historial farmacoterapéutico estea actualizado na historia clínica electrónica, as prescricións dos tratamentos crónicos serán realizadas polo/a médico/a de atención primaria ou o/a correspondente facultativo/a de atención hospitalaria a través de receita electrónica.

Se fora o caso, o/a facultativo/a xubilado/a deberá actualizar o listado de beneficiarios/as da prescrición, conforme o establecido no punto cinco deste convenio.

Ademais deberá cumprir co establecido nos artigos 6.1 e 6.3 do Real Decreto 577/2013, de 26 de xullo, polo que se regula a farmacovixilancia de medicamentos de uso humano.

O réxime de obrigas contido nesta cláusula resultará tamén aplicable aos/as facultativos/as xubilados/as que, con base nunha autorización recoñecida con anterioridade á entrada en vigor deste convenio, dispoñan de talonario de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde.

Décima. Revogación da autorización

O incumprimento do establecido no punto nove do presente convenio, dará lugar á revogación automática da autorización concedida para o uso de talonarios de receitas oficiais, que será notificada ao facultativo/a prescriptor/a pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde ademais de ser comunicada pola Subdirección Xeral de Farmacia ao Colexio Oficial de Médicos e á Xerencia da área sanitaria de referencia, para o seu coñecemento.

A revogación da autorización implica por parte do facultativo/a a obriga de entrega inmediata do talonario en uso ao Colexio Oficial de Médicos e impediralle o acceso, de modo definitivo, a unha nova autorización para a utilización de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde.

Décimo primeira. Seguimento e control

O Servizo Galego de Saúde, a través da Subdirección Xeral de Farmacia e as Xerencias das áreas sanitarias efectuará o seguimento do presente convenio actuando coordinadamente cos Colexios Oficiais de Médicos, para a resolución das consultas e dúbidas relacionadas coa súa aplicación e interpretación.

Para tal efecto, constituirase unha Comisión Mixta de seguimento e control do convenio, composta de cinco membros, un en representación da Consellería de Sanidade, designado polo/a titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, dous representantes do Servizo Galego de Saúde designados polo/a titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde e dous representantes dos Colexios Oficiais de Médicos.



Nesta actuación coordinada, os Colexios Oficiais de Médicos, antes de proceder á entrega dun novo talonario a un facultativo que dispoña de autorización deberán solicitar a conformidade da área sanitaria de referencia, para o cal, esta consultará as prescricións realizadas polo/a facultativo/a xubilado/a no talonario esgotado, para determinar se resultan axustadas ao establecido no presente convenio.

Décimo segunda. Acceso a receita electrónica

Se nun futuro o Servizo Galego de Saúde desenvolve un sistema para que o/a facultativo/a xubilado/a poida acceder de forma restrinxida ó sistema de receita electrónica para a prescrición farmacéutica para si mesmo, para o seu cónxuxe ou parella de feito e os beneficiarios recoñecidos polo INSS, quedaría sen efecto a autorización de talonarios de receitas en formato papel, pasando o/a facultativo/a xubilado/a a realizar a prescrición a través da receita electrónica.

Décimo terceira. Responsabilidade Patrimonial

A Xunta de Galicia e o órgano competente en materia de sanidade da Comunidade Autónoma de Galicia quedan exentos de calquera responsabilidade patrimonial no uso de talonarios do Servizo Galego de Saúde por parte dos/as facultativos/as xubilados/as

Décimo cuarta. Vixencia do Convenio

Este convenio terá unha vixencia de catro anos desde o día seguinte á súa sinatura.

De conformidade co artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, os/as asinantes do convenio, antes da finalización do prazo de vixencia, poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período máximo de catro anos ou a súa extinción.

Décimo quinta. Resolución do convenio.

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
2. O acordo unánime das partes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera parte poderá formular á parte incumplidora un requirimento para que cumpra coas obrigas ou compromisos asumidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento do Convenio.
4. A resolución xudicial.
5. A denuncia expresa do convenio manifestada por calquera das partes con 3 meses de antelación.
6. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou nunha lei que sexa de aplicación.

Décimo sexta. Natureza xurídica e xurisdición



O presente convenio ten natureza administrativa e, segundo o previsto no artigo 6.1, é un negocio xurídico excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

De conformidade co artigo 4 desa mesma norma, este convenio rexerase polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As dúbidas que se poidan suscitar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

Décimo sétima. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal, e calquera outras especificacións, que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que conste a todos os efectos asínase no lugar e data indicado no encabezamento

Polo Servizo Galego de Saúde	Polo Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra
	
Julio Garcia Comesaña	Isidro J Lago Barreiro

ANEXO

(INSTRUCCIÓN 009/2014, 10 DE NOVIEMBRE DE 2014)

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DE RECEITAS CON CARÁCTER PERSOAL OU FAMILIAR

D./D.ª: _____

DNI: _____ N° COLEXIADO: _____ DA PROVINCIA DE _____

a) **Solicita** talonarios de receitas oficiais do Servizo Galego de Saúde para o seu uso persoal e familiar, comprometéndose á súa correcta conservación, custodia e utilización dos mesmos.

Axustándose á situación de (marque cun X):

☐ Facultativo/a médico/a xubilado/a.

E limitando o seu uso ás prescricións de tratamentos propios, así como dos/das familiares relacionados/as na seguinte táboa(*):

Apelidos e Nome	DNI	T.I.S./C.I.P./N.A.S.S.	Parentesco

(*) Para os facultativos xubilados, limitarase ás prescricións de tratamentos do propio médico, do seu cónxuxe ou parella de feito e dos beneficiarios recoñecidos polo INSS)

b) **Selecciona como medio preferente para a notificación** das resolucións que se emitan neste procedemento (marque cun X o que proceda):

☐ Correo postal certificado con acuse de recibo

☐ Notificación electrónica a través do sistema de notificacións electrónicas da Xunta de Galicia *notifica.gal*

_____ de _____ de _____

O FACULTATIVO

Asdo.:

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA SUBDIRECCIÓN XERAL DE FARMACIA



Xacobeo 21-22

